

BANDO

Axudas para o aluguer do Plan estatal 2013-2016

Persoas beneficiarias e requisitos:

- Persoas físicas, maiores de idade, cidadás comunitarias ou estranxeiros non comunitarios con residencia legal, que non sexan propietarios de ningunha vivenda e que sexan titulares ou estean en condicións de subscribir un contrato de arrendamento de vivenda, con mención expresa da súa referencia catastral, formalizado, en calidade de persoa arrendataria, nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos e non teñan pendente ningunha débeda nin coa AEAT, nin coa Seguridade Social nin coa Administración pública da Comunidade Autónoma
- Que a vivenda arrendada ou que se vai arrendar constitúa ou vaia constituír a residencia habitual e permanente da persoa arrendataria e que a renda do contrato de arrendamento non supere a cantidade prevista na convocatoria
- Que os ingresos das persoas que compoñen a unidade de convivencia sexan en conxunto inferiores ao límite de ingresos establecido. O límite de ingresos será diferente en función da composición das unidades de convivencia, e determinarase conforme as seguintes regras:
 - a) Se a unidade de convivencia está composta por unha soa persoa adulta: a contía do IPREM multiplícase por 1.
 - b) Se a unidade de convivencia está composta por dúas ou máis persoas:
 - A primeira persoa adulta computa 1 vez o IPREM.
 - Cada persoa adicional de 14 anos ou máis computa 0,5 veces o IPREM.
 - Cada persoa adicional menor de 14 anos computa 0,3 veces o IPREM.

Contía das axudas:

O importe das axudas poderá chegar ao **40 % da renda anual** que se deba satisfacer polo **alugamento** da vivenda habitual e permanente, cun **límite máximo de 2.400 euros anuais** por vivenda.

Aboaranse pagamentos mensuais polo importe proporcional ao montante anual que corresponda.

As subvencións concederanse por un prazo de **doce meses, prorrogables**, sempre a solicitude da persoa interesada, **por sucesivos períodos de doce meses**, ata a finalización do plan. Tanto a concesión inicial como a prórroga estará sometida ao réxime de concorrencia competitiva, polo que deberán solicitarse ao abeiro das correspondentes convocatorias.

Solicitudes e Documentación:

As solicitudes e documentación complementaria presentaranse preferiblemente por vía electrónica no formulario normalizado dispoñible en:

☑ Sede electrónica: <https://sede.xunta.es>

☑ [Instituto Galego de Vivenda e Solo \(IGVS\)](#).

Prazo de Solicitude:

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto **ata o 19 de febreiro**.

Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello os **luns, de 11 a 15 horas, e martes e venres de 9 a 14 horas**.

Pontecesures, 22 de xaneiro de 2015

O ALCALDE

Manuel Luís Álvarez Angueira



CONCELLO DE
PONTECESURES

CONCELLO DE PONTECESURES